

*Manter un animal para comelo non está ben, aínda que troquémo-la súa carne na nosa propia carne; pero manter con agarimo un animal para levalo despois á feira, paréceme unha mostra da ruindade humana.*

*Un día de feira! Diñeiro, xuramentos falsos, meter burro por cabalo, comidas con pemento, pan reseso, viño cativo, tabernas acuguladas... A leda bullanga das feiras é tan mentireira como son as carantoñas do Antroido, pois debaixo da ledicia hai tristura nos que venden e medo nos que mercan. O día da feira todos van de raposos e ningún leva o corazón no peito, porque todos coidan que a xente de ben perde diñeiro nos tratos.*

*O chorar dos cabritos, que se laian coma fidalquiños esmirriados, pode ferir-lo peito dun home endeble; o noxento carpir dos porcos, que berran por calquera cousa, abrouxa os nosos ouvidos e desfai toda compasión. Pola rúa van pasando, no remate da feira, os requeiros da dor animal; pero nas feiras hai algo máis.*

*Os homes andan ó seu e non reparan na outra dor, na dor humana que senten os animais de Deus. Os pobres vacas endoudecidas que chaman polos fillos, os pobres puchos que van ó matadeiro chamando polas nais...*

*Eu quero que todos saiban este conto:*

*Unha vez había dous bois que xa eran moi velliños e que traballaran xuntos toda a súa vida. O amo vendeunos para matar e tiveron que arredarse para sempre... E din que no intre da despedida díxolle un ó outro:*

*-Adeus, meu compañeiro, e deica a feira de Soutomaior.*

*(Na feira de Soutomaior había mercado de coiros).*

**CAS TELAO, Cousas**

*O burro non bulía nin chisco: tiña os ollos abertos, enfiados no chan, e polas trazas o burro cavilaba de firme, asolagado nas súas cavilacións. Eu enfiiei os meus ollos nos do burro e tamén me puxen a cavilar, esquecido de min mesmo: ensumíndome nos adentros da besta, e sen facerme cargo, os meus pensamentos eran os do burro.*

*Os homes non queren ser burros; quixeran en troques seren leóns, tigres, lobos... xustamente porque os homes son máis burros que leóns, que tigres, que lobos... por iso a verba “burro” é un alcume aldraxante para eles.*

*O meu lombo rexe con calquera home e secomasí os homes prefiren un cabalo, un elefante... calquera besta máis grande ca eles, de modo que ninguén poida dicir “velaí van dous”. Non nos aprecian porque ollan en nós as virtudes dos homes de ben.*

*Somos amigos dos pobres, amparo dos mendicantes; temos levado no lombo a Noso Señor e a San Francisco de Asís: pero non levamos ningún guerreiro.*

*A paz virá cando os homes todos queiran ser burros.*

*Chegaron a negarnos caletre porque andabamos pola beira dos camiños. Parvos! Un burro pode morrer asasinado por un auto, pero un burro non cae debaixo dun auto como caen os cans e as galiñas... Nós presentimos a chegada dos autos antes de inventalos o demo do inferno.*

*Neste punto volví en min.*

**CASTELLO, Cousas**